

O cambio dinástico e a Guerra de Sucesión.

As causas da guerra. Os bandos en conflito. A paz de Utrecht.

Dende a Paz de Westfalia (1648) o debalo político e militar dos Habsburgo españois era innegable. En fronte, a Francia de Luis XIV reforzábase e ampliaba o seu territorio a costa da monarquía española. Nesta situación accedeu ao trono con catro anos Carlos II (1665-1700). As evidentes limitacións do monarca favoreceron as intrigas cortesás e as disputas entre faccións nobiliarias que procuraban atraerse o apoio das potencias europeas, especialmente de Francia e Austria.

As causas da guerra.

Pero o monarca español seguía a ser o soberano dun extenso imperio, obxecto da cobiza doutros reinos (Francia, Austria, Inglaterra). A falla de descendencia alentaba as esperanzas dos parentes. Tras a morte de Xosé Fernando de Baviera (1699), Felipe de Anjou, neto de Luis XIV de Francia, e o arquiduque Carlos, fillo do emperador austriaco Leopoldo, eran os principais candidatos. Pero a designación de calquera deles puña en risco o equilibrio europeo.

Os partidarios da opción francesa, liderados polo cardeal Portocarrero, convencidos de que esta era a única posibilidade de evitar o desmembramento da monarquía, impuxéronse no Consello de Estado e o derradeiro testamento de Carlos II designou sucesor a Filipe de Anjou. As Cortes dos diferentes reinos xuráronlle fidelidade e o monarca, pola súa parte, xurou respectar os foros dos reinos da Coroa de Aragón.

Os bandos en conflito.

Tras a designación de Filipe, o emperador Leopoldo desencadeou pola súa conta as hostilidades. Porén, as accións francesas, que evidenciaban pretensións hexemónicas de Luís XIV, provocaron o receo das restantes potencias europeas. En 1701, asinouse o Tratado da Haia, orixe da Gran Alianza (Austria, Inglaterra, as Provincias Unidas, Prusia, Portugal e o ducado de Savoia). En 1702, a Gran Alianza declarou a guerra a Luis XIV e a Filipe V. Polo tanto, a Guerra de Sucesión española foi unha guerra europea. Confluían nela, por unha banda, a pugna pola hexemonía continental entre Francia e Austria e, pola outra, a confrontación pola hexemonía naval e colonial entre Francia, Inglaterra e as Provincias Unidas.

A disputa dinástica provocou tamén un conflito interno na monarquía. As elites casteláns apoiaron maioritariamente a causa borbónica. Mentres, os reinos da Coroa de Aragón acabaron decantándose maioritariamente por Carlos de Austria. En 1705, unha armada anglo-holandesa tomou Barcelona e o arquiduque fixo a súa entrada triunfal na cidade. O austracismo catalán explícase por diversa razóns: o sentimento antifrancés era forte no campo catalán, onde aínda estaba moi viva a lembranza de abusos pasados; a burguesía barcelonesa receaba da competencia francesa e dos privilexios concedidos por Filipe V aos mercadores galos; as institucións catalás receaban dun posible avance do absolutismo rexio segundo o modelo francés, temores confirmados en 1707 cando foron derogados os foros de Aragón e Valencia. En Valencia, o conflito sucesorio tomou certo ton antiseñorial: mentres a nobreza apoiaba maioritariamente a causa borbónica, o arquiduque presentouse inicialmente como un defensor do campesiñado.

A Paz de Utrecht (1713).

En 1711, o curso da guerra era favorable ao Borbón (vitorias de Brihuega e Villaviciosa). O pretendente Carlos marchou a Viena para ocupar o trono imperial austriaco, baleiro pola morte do seu irmán Xosé I. O esgotamento dos contendentes e os receos aliados ante unha eventual unión entre as monarquías española e austríaca facilitaron a busca dunha solución pactada. En 1712, Inglaterra e as Provincias Unidas comezaron as negociacións con Francia, que culminaron coa **Paz de Utrecht** (1713). As hostilidades entre Francia e Austria rematarían oficalmente ata sinatura do **Tratado do Rastatt** (1714).

O acordado en Utrecht significaba a partición da monarquía española: Filipe V, tras renunciar aos seus dereitos á coroa francesa, era recoñecido como soberano de España e das Indias; a monarquía española perdía tódolos seus dominios europeos (Austria recibía Flandres, Milán, Sardeña e Nápoles; o ducado de Savoia, Sicilia); Inglaterra vía recoñecidas as conquistas realizadas durante a conflito (Gibraltar, Menorca) e

recibía certos privilexios sobre o comercio coas Indias (o navío de permiso, o asiento de negros). A nivel europeo consagrou o equilibrio continental mentres Inglaterra consolidaba a súa hexemonía naval.

Cataluña proseguiu a súa loita ata a toma de Barcelona polas tropas do duque de Berwick (11 de setembro de 1714). Mallorca resistiu ata 1715. Numerosos austracistas tiveron que exiliarse. Filipe V aproveitou a vitoria para suprimir o tradicional ordenamento político dos reinos da Coroa de Aragón.